



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O USO BONIFICADO DO SERVIZO FITNESS, NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ, PARA COLECTIVOS TERAPÉUTICOS ADSCRITOS Ó SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Luís Menor Pérez, presidente da Deputación Provincial de Ourense, quen actúa no exercicio do seu cargo, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e en virtude do nomeamento por acto plenario de data 17 de xullo de 2023.

Ambas partes, recoñécense capacidade legal para obrigarse e asinar este convenio de colaboración indicado.

EXPOÑEN

1.- Con data 4 de maio de 2023, asinouse o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde (xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras) e a Deputación Provincial de Ourense para o uso gratuito do servizo de Fitness, modalidades de Pilates e loga/Meditación, no pazo dos deportes Paco Paz, por pacientes afectados por Covid persistente.

Convenio con vixencia de catro anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura podendo as partes de mutuo acordo proceder a súa prorroga, a que deberá subscribirse con anterioridade á data de vencemento do convenio. Co gaio de ampliar as prestacións do presente convenio a outros colectivos terapéuticos do SERGAS (tales como COVID PERSISTENTE, UNIDADE DE PSIQUIATRÍA, ETC...) considerase adecuada a sinatura dun novo convenio, que substitúa o acordado na data 4 de maio de 202, quedando este sen efecto.



ACORDAN

PRIMEIRO. Obxecto

O obxecto deste novo convenio é o seguinte: O Servizo Galego de Saúde é consciente dos beneficios que a práctica deportiva continuada reporta aos/as pacientes diagnosticados/as como afectados/as por distintas patoloxías agrupados en torno a colectivos terapéuticos adscritos ó SERGAS.

A Deputación Provincial de Ourense, coñecedora tamén deste feito, facilítalle a estes doentes durante a tempada 2025 a 2029, a participación nos programas de fitness, que se desenvolvan no Pazo dos deportes Paco Paz, cunha bonificación total (100%), sobre as tarefas mensuais.

SEGUNDO. Acceso ás instalacións

O Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O barco de Valdeorras, solicitará autorización expresa aos pacientes que poidan ser beneficiarios/as dos programas referidos neste convenio, para tramitar o acceso ás instalacións e servizos que oferta o Pazo dos Deportes Paco Paz.

Para poder acceder ás instalacións será preciso que os pacientes se identifiquen como abonados/as ou persoas autorizadas ao uso daquelas.

As persoas que decidan facer uso dos programas referidos no apartado primeiro estarán suxeitas ao regulamento e normativas de uso do Pazo dos deportes Paco Paz.

TERCEIRO. Obrigas da Deputación de Ourense.

A Deputación Provincial de Ourense facilitaralle a estes doentes durante as tempadas 2025 a 2029, a participación nos programas de fitness que determine o Servizo de Deportes, axeitados segundo a patoloxía de cada grupo de doentes, que se desenvolvan no Pazo dos deportes Paco Paz, propoñendo unha bonificación total (100%), sobre as tarefas previstas na Ordenanza.

CUARTO. Obrigas do Sergas.

O Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O barco de Valdeorras asume os seguintes compromisos:





- a) Realizar unha selección dos pacientes que se poidan beneficiar dos programas de fitness, identificando aos mesmos.
- b) Solicitar autorización expresa aos pacientes que poidan ser beneficiarios/as dos programas referidos neste convenio, para tramitar o acceso ás instalacións e servizos que oferta o Pazo dos Deportes Paco Paz. Para poder acceder ás instalacións será preciso que os pacientes se identifiquen como abonados/as ou persoas autorizadas ao uso daquelas.
- c) Respetar e cumprir o regulamento e normativas de uso do Pazo dos deportes Paco Paz
- d) Participar, na medida do posible, en charlas informativas sobre temas de saúde nas actividades da ludoteca e campamentos organizados pola Deputación de Ourense.

QUINTO. Financiamento

O presente convenio de colaboración non suporá ningún gasto para o Servizo Galego de Saúde nin, polo tanto, para a Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

SEXTO. Comisión bilateral de seguimento

Para o desenvolvemento das actividade obxecto deste convenio, establécese unha comisión mixta paritaria, integrada por dúas persoas en representación de cada unha das administracións asinantes, unha das cales será designada como responsable a efectos do previsto no apartado quinto do presente acordo. A comisión bilateral de seguimento reunirse, de xeito ordinario, con periodicidade anual, así como as veces que considere necesario, a solicitude de calquera das partes.

As súas función serán as de seguimento, interpretación, coordinación e cumprimento do convenio, resolvendo as dúbidas que a súa execución poida presentar

SÉTIMO.- Causas de resolución.

En virtude do disposto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o presente convenio de colaboración extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de tódolos asinantes.





- c) O incumprimento, total ou parcial, das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora o requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á persoa responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control de execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistirá o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará as partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o acordo.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio de colaboración.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no acordo ou noutras leis.

OITAVO. Confidencialidade e protección de datos

Ambas partes consideran confidencial toda a información á que podan chegar a te acceso da outra parte durante a execución do presente convenio de colaboración e con posterioridade ao mesmo, formando e informando adecuadamente ao persoal que poida ter acceso a dita información.

As partes comprométense, así mesmo, a non efectuar usos nin cesións non autorizados de datos persoais, recollidos na aplicación do presente convenio, así como á preservación da información durante os períodos fixados na normativa vixente, manténdoa nos soportes axeitados e coa destrución controlada de toda aquela información de apoio considerada como non imprescindible. Todo elo en cumprimento do disposto no regulamento xeral de protección de datos Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de

27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENO. Vixencia, prórroga e denuncia.

O convenio estará vixente dende o día seguinte ao momento da súa sinatura e terá unha duración de catro anos. Con todo, as partes de mutuo acordo, poderán proceder á súa prórroga, que deberá ser subscripta con anterioridade á data de vencemento.





A duración máxima do convenio respectará as limitacións temporais previstas no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO.- Réxime xurídico.

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo aos efectos previstos no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente convenio de colaboración serán resoltas, unha vez esgotada a vía da comisión de seguimento prevista no mesmo, polo orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

UNDÉCIMO. Rexistro de convenios, transparencia de bo goberno.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, nos termos previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar a un só efecto, no lugar e data da sinatura dixital.

O Conselleiro de Sanidade

O Presidente da Deputación de Ourense

Asdo. **Don Antonio Gómez Caamaño**

Asdo. **Don Luís Menor Pérez**

